



Sesión Ordinaria número 6 celebrada polo Pleno do Concello o día 28 de abril de 2016

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria núm. 4/2016 do 31/03/2016 e extraordinaria núm. 5/2016 do 12/04/2016.
2. Dar conta da liquidación do ano 2015.
3. Dar conta do estado da execución do cuarto trimestre do ano 2015, e do primeiro trimestre do ano 2016.
4. Dar conta do expediente de modificación de crédito 05/2016.IR01/16.
5. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 19.496,58 €.
6. Aprobación inicial da modificación de crédito (Crédito extraordinario): 06/2016.CE01/16
7. Dar conta ao Pleno da solicitude do Plan Concertado 2016 (Cofinanciamento dos Servizos Comunitarios Municipais)
8. Aprobación bandeira do Concello de Redondela.
9. Actividades de control do pleno
 - 9.1. Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 9.2. Solicitudes de comparecencia
 - 9.3. Mocións
 - 9.4. Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 21 de abril de 2016, e sendo as vinte horas do 28 de abril de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese válidamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.



INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Sendo as 21.50 horas o Alcalde fixo un receso para descanso na sesión que reanudouse pasados 15 minutos.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria núm. 4/2016 do 31/03/2016 e extraordinaria núm. 5/2016 do 12/04/2016.

Dada conta do borrador de ditas actas, o concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non están de acordo co recollido no acta 4/2016 en relación á comparecencia do Alcalde porque non aparece a primeira das intervencións de AER e no turno do Alcalde quere que conste que a copia da invitación a aportaron eles. Realiza tamén varias aclaracións puntuais sobre as intervencións. A secretaria indica que seguiu a sistemática habitual en todas as actas e que recolle sucintamente as intervencións tal e como se exige legalmente.

VOTACIÓN E ACORDO:

O borrador da sesión ordinaria número 4/2016 do 31/03/2016 é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo dezasete votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 1 do BNG e 1 da concelleira Non Adscrita) e catro votos en contra (4 de AER).

O borrador da sesión ordinaria número 5/2016 do 12/04/2016 é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as nos seus propios termos.

2. Dar conta da liquidación do orzamento correspondente ao ano 2015.

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-31.03.16.1 de data 31 de marzo 2016, en relación coa liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2015, así como a resolución da alcaldía da mesma data, en cumprimento polo que respecta á súa liquidación.

O pleno do Concello queda informado.

3. Dar conta do estado da execución do cuarto trimestre do ano 2015, e do primeiro trimestre do ano 2016.

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-21.04.16.1 de data 21 de abril de 2016 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 4º Trimestre do ano 2015 e o ASR-21.04.16.2 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 1º Trimestre do ano 2016, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.

O pleno do Concello queda informado.



4. Dar conta do expediente de modificación de crédito 05/2016.IR01/16.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito 05/2016 IR 01-16 por un importe total de 651.693,59 €, aprobado por resolución da alcaldía de data 20/04/2016

O pleno do Concello queda informado.

5. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 19.496,58 €.

ANTECEDENTES:

Dítame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 25/04/2016 que di:

Vista a Proposta da Presidencia , de data 21 de abril de 2016, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitíu o preceptivo informe de carácter negativo de data 21 de abril de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que os gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 19.496,58 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

| Terceiro | Data da factura | Nº de factura | Euros | Partida |
|-------------------------|----------------------------|--------------------------|--------------|----------------|
| Gas Natural S.U.R. | 02.03.15 | 01140850003204 | 76,73 | 1651A22100 |
| Gas Natural S.U.R. | 23.06.15 | 01141050003542 | 573,07 | 1651A22100 |
| Gas Natural S.U.R. | 23.06.15 | 01150250001655 | 712,31 | 1651A22100 |
| Gas Natural S.U.R. | 23.06.15 | 01141150002880 | 586,84 | 1651A22100 |
| Raquel Villaverde Acuña | 30.12.14 | Resolución | 183,60 | 9221A23300 |
| Raquel Villaverde Acuña | 30.12.14 | Resolución | 52,17 | 9221A23120 |
| David Pérez Araujo | 30.12.14 | Resolución | 183,60 | 9221A23300 |

Concello de Redondela



| | | | | |
|--|----------|---------------|-----------|------------|
| David Pérez Araujo | 30.12.14 | Resolución | 42,37 | 9221A23120 |
| David Pérez Araujo | 30.12.14 | Resolución | 14,11 | 9221A23020 |
| Sercourier Redondela S.L.U. | 31.12.15 | A00007421 | 38,32 | 3321A22300 |
| Sociedad General de Autores y editores | 18.03.16 | 0027569085 | 10,73 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 09.03.16 | 0027565432 | 64,47 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 09.03.16 | 0027565436 | 79,74 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 08.03.16 | 0027565022 | 93,71 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 09.03.16 | 0027565428 | 82,40 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 09.03.16 | 0027565426 | 99,10 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 09.03.16 | 0027565430 | 18,80 | 3341A20900 |
| Sociedad General de Autores y editores | 09.03.16 | 0027565434 | 78,89 | 3341A20900 |
| Unión Fenosa Distribución S.A. | 29.07.15 | PSF2015012622 | 15.245,37 | 3331A62209 |
| Círculo cultural deportivo de Cesantes | 01.02.16 | 01/16 | 450,00 | 4311A22699 |
| Rías Baixas comunicacions S.A. | 31.12.15 | P0003095 | 151,25 | 3331A22602 |
| Tanxarina S.L. | 28.12.15 | 46/15 | 659,00 | 3341A22609 |

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP , as abstencións do PSG- PSOE, AER e o BNG, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

VOTACION E ACORDOS:

Sometido a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



6. Aprobación inicial da modificación de crédito (Crédito extraordinario):
06/2016.CE01/16

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de economía e facenda da súa sesión do día 25/04/2016 que di:

“Vista a Proposta da Presidencia , de data 21 de abril de 2016, que transcrita di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma crédito extraordinario, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento o remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do ano 2015.

Visto o Informe da Intervención de 21 de abril de 2016 con referencia ASR-21.04.14.3 con dez páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario de crédito:

Crédito extraordinario

| APLICACIÓN | CONCEPTO | CONSIGNACIÓN | INCREMENTO | CONSIGNACIÓN DEFINITVA |
|--------------|--|--------------|--------------|------------------------|
| 1601A/619.00 | Outros investimentos de reposición de infraestructuras e bens destinados ó uso xeral | 0 € | 477.000,00 € | 477.000,00 € |
| 1521A/619.00 | Outros investimentos de reposición de infraestructuras e bens destinados ó uso xeral | 0 € | 77.408,94 € | 77.408,94 € |

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP ,e as abstencións do PSG- PSOE, AER e o BNG, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que gustaríalle saber qué saneamentos vai a facer o goberno porque considera que noutros casos sacaron tallada política. Pide que se concrete onde van a facer esta inversión. En canto ao arranxo dos viais considera que no orzamento xa hai partida para isto. Empraza aos grupos da oposición para que se diga xa onde vaise facer estas obras e senón que haxa unha comisión o luns a primeira hora para clarexalo.

O Alcalde sinala que na recente comisión de Facenda puideron explicar onde van a ir as obras, en principio previstas, aínda que se logo non se consiguen as autorizacións haberá que cambialas por outras porque teñen que quedar executadas dentro deste ano.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que tamén desexan saber onde van as obras dado que consideran normal que se dean datos máis precisos. Indica que si se lles dera a documentación con máis antelación, as comisións serían máis doadas.

O Alcalde sinala que nas comisións se prantexan as dúbidas e a documentación está disponible coa antelación necesaria, aínda que no acordo non se está falando desas obras concretas senón do crédito para facelas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que está de acordo en que esa documentación debería estar no expediente. Critica que se estean a entregar cartos aos bancos esquecéndose da xente por exemplo no caso das axudas de emerxencia social das que desapareceron 30.000€.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non sabe qué ve de malo o voceiro do BNG sobre o feito de que o resultado positivo do ano 2015 se invirta en cousas necesarias para Redondela. Entende que calquera dos saneamentos ou pavimentacións que van facer son importantes, xa que a pesar do afirmado polo bipartito queda moito saneamento por executar. Cree que non hai que desconfiar dos resultados. Cita algúns dos saneamentos que se están a estudar aínda que no os consideran definitivos ata dispor das autorizacións correspondentes. Sinala que somentes se trata de mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Redondela. Parécelle demagóxico que digan que se paga aos bancos e non ás persoas e non acepta leccións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é un fraude o tema das comisións porque considera que a representación debe ser proporcional. Indica que se poideran aforraban o trámite de traer isto ao pleno e o aprobaban como fixeron cos orzamentos. Dí que o bipartito investiu en saneamento unha cantidade non menor de 600.000 € ao ano e sin embargo eles tiveron millóns que non adicaron a esta finalidade.

O Alcalde sinala que volveran a tratar o tema da representación nas comisións na xunta de voceiros.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que puidose traer unha memoria pormenorizada sobre estas obras, cousa que lles parece moi importante. Sinala que o superavit se conseguiu a costa de non facer cousas importantes como eliminación de barreras arquitectónicas, axudas de comedor, e moitas outras...



O Alcalde sinala que pode ocorrer que se hai calquer atranco algunha obra non se podería facer aínda que os proxectos sí teñen que estar e teñen a idea é face-las obras pero non queren xerar falsas expectativas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que coincide co voceiro de AER no tema de cal é razón de que haxa superavit. Indica que o goberno leva tres plenos traendo recoñecementos extraxudiciais que son como facturas no caixón. O único que queren é información e se hai problemas haberá que explicalo á oposición e aos veciños.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o remanente de tesourería refírese ao estado de liquidez, de acordo co informe do interventor. Indica que a realidade é que se reduciu a débeda e non están a ocultar ningún dato xa que dixeron claramente qué cantidade vai para saneamento e para arranxo de camiños. Non entende o problema do voceiro do BNG coas comisións xa que pode participar en todas. Dí que a oposición non fixo nada en materia de servizos sociais cando gobernaba.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría do/as concelleiros/as, sendo dezaseis votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 1 do BNG), catro votos en contra (4 de AER) e unha abstención (concelleira non adscrita).

7. Dar conta ao Pleno da solicitude do Plan Concertado 2016 (Cofinanciamento dos Servizos Comunitarios Municipais)

Dáse conta da solicitude do Plan Concertado 2016 (Cofinanciamento dos Servizos Comunitarios Municipais).

O pleno do Concello queda informado.

8. Aprobación bandeira do Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Dítame da comisión informativa de interior da súa sesión do día 22/04/2016 que di:

“Dada conta da Proposta da Alcaldía que, transcrita dí:

“Sendo intención do Concello regulariza-la situación con respecto ao escudo e adoptar unha bandeira como símbolo do municipio, encomendouse ao Seminario de Estudos Redondeláns (SEREN), a realización dun estudo sobre ós símbolos do Concello de Redondela.

Unha vez elaborada a proposta correspondente e visto o informe emitido ao efecto pola Secretaria do Concello, cumpre adoptar os acordos correspondentes por parte do Pleno do Concello a fin de proseguir-la tramitación do expediente.

A vista do que o Concello Pleno en sesión de data 27 de marzo de 2014 aprobou a proposta formulada polo Seminario de Estudos Redondeláns (SEREN) en relación ao escudo e a bandeira do Concello de Redondela adoptando os propostos polo mesmo. Así mesmo por Decreto 129/2014 do 2 de outubro da Vicepresidencia e Conselleira de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, publicado no DOG número 195 de data 13 de outubro de 2014, aprobouse o escudo do Concello de Redondela.

Vista a proposta formulada pola Comisión Heráldica e remitida con data 7 de abril de 2016 respecto de aprobación de bandeira para este Concello, esta Alcaldía ten a ben



proponer ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a bandeira do Concello de Redondela formada por un pano de cor granate a letra R maiúscula de ouro (amarelo) posta no centro e acompañada de 3 vieiras tamén de ouro, dúas no xefe e unha na punta (segundo figura no anexo que se acompaña).

SEGUNDO.- Someter o acordo e o expediente ao trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Edictos, así como na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- De non presentarse alegacións á proposta, a mesma entenderase definitiva para os efectos de remisión á Comisión Heráldica da Xunta de Galicia.”

Votación e ditame.-

A Comisión Informativa de Interior en votación ordinaria e por maioría dos seus membros asistentes, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P (43%), e abstención do Grupo Municipal de A.E.R (19%) ditaminou favorablemente a Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.-”

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a proposta da aprobación da bandeira do Concello de Redondela, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as.

9. Actividades de control do pleno

9.1. Dar conta das resolucións de alcaldía

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona

9.2. Solicitudes de comparecencia

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

9.3. Mocións

1 Moción AER de apoio á campaña “Las 5 de la PAH” para esixir unha nova lei reguladora do dereito á vivenda.

ANTECEDENTES:

Por parte dunha representante da Plataforma de afectados pola Hipoteca dase lectura á seguinte moción:

“A actual crise económica e o aumento do paro impactou de xeito dramático na vida de milleiros de persoas, que por mor das dificultades económicas sobrevidas, non poden cubrir as súas necesidades máis básicas. Esta situación levou a que moitas familias non poidan facer fronte ás cotas hipotecarias ou de aluguer da súa vivenda habitual. Isto traducíuse en milleiros de desafuzamentos en todo o estado español, e máis en que centenaes de persoas teñan visto vulnerado o seu dereito a unha vivenda digna, tendo que afrontar situacións de grave vulnerabilidade, precariedade extrema, pobreza e exclusión social, económica e residencial.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), dende 2007 ata o primeiro trimestre do 2015, producíronse no Estado Español 624.690 execucións hipotecarias, 8.178 no primeiro trimestre do 2015. A estas alarmantes cifras hai que sumarlle o aumento das dificultades para afrontar o pago do alugueiro, que cada vez afecta a máis persoas. O CXPX contabilizou a preocupante cifra de 397.954 desafiuzamentos dende o inicio da crise no 2007 ata o primeiro trimestre do 2015. Só no primeiro trimestre do 2015 executáronse 9.917 desafiuzamentos.

Estamos ante unha situación de emerxencia e vulnerabilidade habitacional que se incrementa pola existencia dun mercado de alugueiro escaso, caro e preocupantemente especulativo, e pola falta dun parque público de vivenda social (menos dun 2% da vivenda construída). Todo isto constitúe unha auténtica anomalía no contexto europeo. Ademais, como denuncia o informe “Emerxencia Habitacional no estado español”, elaborado polo Observatorio DESC e a Plataforma de Afectados pola Hipoteca, esta situación empeora aínda máis polo feito de que España é o estado de Europa con máis vivenda baleira: 13,7% do parque total (3 millóns e medio de pisos baleiros segundo o censo estatal de vivenda de 2011).

O contexto descrito de vulnerabilidade e emerxencia en que se atopa gran parte da poboación estase a traducir tamén nun significativo aumento das ocupacións de vivenda. Un xeito de facer efectivo o dereito á vivenda que aumenta o grao de vulnerabilidade social de quen se viu empurrado a esta forma de acceso a unha vivenda.

Tamén resulta alarmante o crecente número de persoas afectadas pola pobreza enerxética, entendida como a dificultade para poder pagar as facturas dos subministros básicos de electricidade, auga e luz. Os prezos de acceso e consumo destes subministros, que medraron de xeito exponencial, volvéronse inasequibles para gran parte da cidadanía.

Esta situación de emerxencia social que sofren as persoas en situación de vulnerabilidade contrasta de xeito abrumador cos inxentes beneficios obtidos polas entidades financeiras e máis as empresas subministradoras.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos (artigo 25) e o Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, no artigo 11, recoñece “o dereito de toda persoa a un nivel de vida axeitado para si e a súa familia, incluso alimentación, vestido e vivenda axeitados, e a unha mellora continua das condicións de existencia. Os Estados Partes tomarán medidas axeitadas para asegurar a efectividade deste dereito...”.

No marco xurídico estatal, o artigo 47 da Constitución proclama o dereito a unha vivenda digna e axeitada así como o deber dos poderes públicos de promover as condicións necesarias e as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, e o artigo 33 declara a función social da vivenda.

O artigo 267 do Tratado da Unión Europea declara a primacía do Dereito Comunitario (STJUE 9/3/1978, Asunto 106/ 77 caso Simmenthal) que despraza ao Dereito estatal (art. 93 CE, cesión competencias en relación ao art. 96 CE, os tratados internacionais celebrados formarán parte do ordenamento interno).

En relación ao anteriormente exposto e concretando no ámbito que nos ocupa, a regulación do procedemento de execución hipotecaria na vixente Lei de Axuizamento Civil, infrinxe a normativa comunitaria. Esta lexislación é, por tanto, ilegal ao ser de obrigado cumprimento polo xuíz estatal, adoecendo dun vicio radical que determina a súa nulidade de pleno dereito. Neste sentido manifestáronse reiteradamente diferentes sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Caso Aziz, caso Sánchez Morcillo e caso Monika Kusionova).

En Catalunya presentouse, no mes de xullo do 2014, unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) promovida pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca: a Alianza contra



a Pobreza Enerxética e o Observatori Desc, recollendo así un clamor da cidadanía preocupada pola alarmante situación de emerxencia habitacional.

Esta ILP é hoxe unha realidade. O pasado 29 de xullo de 2015, o Parlament de Catalunya aprobou a Lei 24/2015 de medidas urxentes para afrontar a emerxencia no ámbito da vivenda e a pobreza enerxética. Esta vitoria no ámbito autonómico demóstranos que facer efectivo o dereito á vivenda é unha cuestión meramente de vontade política.

En ocasión das eleccións xerais, a Plataforma de Afectados pola Hipoteca fixo pública unha serie de medidas de mínimos que considera necesario e imprescindible incluír nunha futura Lei reguladora do Dereito á Vivenda. Estas medidas implican reformas profundas e valentes pero á vez factibles, xa que na súa maioría están recollidas na anteriormente citada Lei 24/2015.

A situación anteriormente relatada fai que a Agrupación de Electores de Redondela propoña ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

O pleno do Concello de Redondela dá apoio ás propostas presentadas pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca (PAH), e considera necesario incluír as seguintes medidas nunha Lei Reguladora do Dereito á Vivenda:

1. Medidas de segunda oportunidade

- Dación en pago retroactiva e condonación da débeda (modificación da Lei Hipotecaria e a Lei de Axuizamento Civil).
- Eliminación automática por parte das entidades bancarias, e sen previa petición do titular, das cláusulas declaradas abusivas polas Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.
- Non se poderá executar a primeira e única vivenda, tanto dos titulares como dos avaladores, para esixir a súa responsabilidade, en orde a considerar a vivenda habitual como un ben inembargable.
- Eliminación de tódolos requisitos restritivos para acceder á moratoria de desafuzamentos e ao “código De Guindos”, salvo vivenda habitual, debedor/a de boa fe e carencia de recursos.

2. Aluguer digno

- A regulación do alugueiro en favor da parte máis débil dos contratos de arrendamento: os inquilinos. Introducendo mecanismos de seguridade na tenencia, estabilidade na renda e alongando o prazo mínimo de duración do alugueiro, como mínimo ata os 5 anos. Cando o arrendatario pertenza a un colectivo especialmente vulnerable, producirase unha prórroga automática do contrato de alugueiro se así o manifesta, que será obrigada cando o arrendador sexa un banco ou gran propietario de vivendas.

3. Vivenda garantida

- As entidades bancarias garantirán un alugueiro social para as persoas debedoras de boa fe, e as súas unidades familiares, que tendo cedido a súa vivenda única e habitual en dación en pago, non dispoñan de alternativa habitacional.
- Os grandes posuidores de vivenda, en especial as entidades financeiras e filiais inmobiliarias, “fondos voitre”, entidades de xestión de activos (incluídos os procedentes da reestruturación bancaria e entidades inmobiliarias), garantirán un alugueiro social para as persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade que non poidan facer fronte ao pago da súa vivenda e non dispoñan de alternativa habitacional.



- As persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade, que non poidan facer fronte ao pago do alugueiro de vivendas, obterán axudas que lles garantan evitar o desafiuzamento.
- En ningún caso se poderá realizar o desaloxo ou desafiuzamento de persoas en situación de vulnerabilidade, sexa por impago de alugueiro ou ocupación en precario motivada pola falta de vivenda, sen que a administración competente garanta un realoxo axeitado.
- No caso de que se leve a cabo o alugueiro social nunha vivenda diferente á que reside a familia ou persoa en situación de vulnerabilidade, este realoxo producirase na zona onde estas teñan as súas redes vitais e sociais.
- Creación dun parque público de vivenda a través da mobilización de pisos baleiros en mans de entidades financeiras e filiais inmobiliarias, “fondos voitre”, entidades de xestión de activos (incluídos os procedentes da reestruturación bancaria e entidades inmobiliarias). A administración regulará mediante lei os mecanismos que posibiliten esta mobilización.
- En todas estas medidas o prezo a pagar en concepto de alugueiro social non superará o 30% dos ingresos da unidade familiar, incluídos gastos de subministros, dacordo cos estándares de Nacións Unidas, sempre e cando os ingresos familiares superen o salario mínimo profesional (648,60€); no caso contrario o prezo a pagar en concepto de alugueiro será do 10% dos ingresos e os subministros correrán a cargo das empresas subministradoras (punto seguinte).

4. Subministros básicos

- Impedir os cortes de subministro básicos de auga, luz e gas das persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade.
- O pago dos subministros básicos para as familias nesta situación farase dacordo á capacidade adquisitiva da unidade familiar, sempre respectando os estándares de Nacións Unidas.
- Os custes asociados a garantir este dereito e a débeda acumulada que non poidan ser cubertos polas persoas vulnerables serán asumidos polas empresas subministradoras.

5. Creación dun observatorio da vivenda

Este observatorio estaría composto por representantes das institucións e da sociedade civil. Este observatorio será o encargado de investigar e analizar a situación da vivenda en España. Entre as súas funcións estarían facer censos periódicos de vivendas baleiras, facer seguimento das políticas públicas, elaborar informes; contaría con capacidades non só consultivas senón tamén control, seguimento, denuncia, executivas e de proposta legislativa.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que agradece a iniciativa da plataforma e están totalmente de acordo coa mesma. Indica que a cuestión afecta a moitos veciños e veciñas do municipio e que o dereito á vivenda está recoñecido na Constitución pero aínda é unha eiva importante. Salienta tamén a importancia de garantir os suministros asociados ao uso da vivenda xa que a xente tamén ten moitas dificultades para afrontalos e aínda que poden ter traballo non lles chega xa que os contratos son



totalmente precarios e mal pagados. Sinala que estas iniciativas son moi importantes para que os distintos partidos e administracións se posicionen.

A concelleira REY GÓMEZ agradece a explicación da representante da plataforma xa que considera que foi moi didáctica. Sinala que é preciso tomar medidas para afrontar este problema terrible e que España está á cola da UE en vivenda pública e moitos cidadáns están desprotexidos. Indica que as cláusulas suelo afectan a máis de tres millóns de familias e afortunadamente o Tribunal Supremo fallou a favor delas.

A concelleira PARIS BLANCO di que tamén agradece a intervención pero pensa que hai que ter en conta algunhas cuestións como que o 50% das execucións rematan en desafiuzamentos pero o resto acadan unha solución de acordo polo que as cifras reais redúcense moito e permite relativizar bastante a cuestión afectando a un 0,8% do parque total de vivendas. Indica que as cinco propostas poden ser esas ou outras xa que a dación en pago pode agravar a crise financeira como pasou en Estados Unidos. Di que o excesivo proteccionismo vai en contra do que ao final se pretende protexer xa que en alugueres tamén pode provocar a retracción da oferta. Considera que hai que deixar a propaganda e pensar ben as solucións e ter en conta a todas as partes.

O concelleiro CRESPO ABAL di que agradece a labor da plataforma e lamenta que a concelleira do PP non sexa máis sensible con este tema. Consideran que o que propoñen son os mellores acordos que se poden adoptar porque a plataforma leva anos traballando na cuestión e pensan que pola contra e ata o de agora as medidas que puxo sobre a mesa o PP non foron nada efectivas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que pareceríalle bochornoso traer esta moción e que non fora aprobada xa que o goberno en minoría é de dereitas e practica políticas de dereita polo que a concelleira do PP fixo na súa intervención unha serie de contas que non teñen nada que ver coa situación real de moitos cidadáns. Indica que o das cláusulas chan é un robo á xente. Están a favor de máis intervencionismo por parte das administracións nas vivendas para permitir o acceso a unha vivenda digna.

A concelleira REY GÓMEZ di que non entende que se poida dicir que sobreprotexer desprotexe, xa que o PP non está protexendo nada. En canto á postura do PP con respecto á dación en pago indica que non se cumpriron mocións aprobadas anteriormente ás que fai referencia.

A concelleira PARIS BLANCO di que se está a falar de cuestións que exceden as competencias do pleno aínda que se poidan posicionar. Indica que ao intervir en exceso ás veces se chega a resultados contrarios aos pretendidos xa que para que haxa vivendas disponibles teñen que polas no mercado os propietarios e estes deben ter certas garantías. Indica que dentro do que pode o Concello está traballando para favorecer o dereito á vivenda. Considera que é fácil vender certas iniciativas pero ás veces prodúcense fracasos importantes.

O concelleiro CRESPO ABAL di que hai moitas familias que perderon a súa vivenda e do que se está a falar é de cambiar unha normativa estatal e parécelles normal a dación en pago. Agradecen os apoios do resto dos grupos da corporación.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por doce votos a



favor (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e nove abstencións (9 do PP).

2.Moción do BNG para demandar medidas par o rescate da sanidade pública da área sanitaria de Vigo

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG que se transcribe a continuación:

“Os recortes no proxecto inicial do Novo Hospital acentuaron os déficit sanitarios de Vigo que se poderían resumir en:

- A renuncia a un Complexo Hospitalario de referencia estratéxica para o Sur de Galicia, que equilibrase a oferta sanitaria na Comunidade Autónoma. Suprimíronse do proxecto os edificios de Docencia e Investigación (imprescindibles nun Hospital con docencia universitaria); o Servizo de Rehabilitación; as camas de Coidados Mínimos e Intermedios para enfermos con patoloxías crónicas que non precisan de recursos avanzados; e o chamado Hotel de Pacientes para enfermos que viven lonxe, illados ou que teñen problemática social.

- A redución de camas agravará aínda máis a situación asistencial e unhas listas de espera inaceptables: As camas de hospitalización pasaron de 1.450 (1.239 de hospitalización convencional) a 845, ás que habería que engadir 71 camas no Hospital do Meixoeiro (pasaron de 418 a 347) e 52 no Nicolás Pena (baixaron de 120 a 68), co que o recorte final foi de 517 camas, (sen contar outras camas como espertar, hospital de día, Reanimación, camas de observación, etc., que sumarían outras 211). Esta redución de recursos é incomprendible que se aplique nun área cun índice de camas por habitante das máis baixas e unha lista de espera cirúrxica das máis alta de Galicia (99,2 fronte a unha media de 79,8 en decembro do 2015) só superada polos 139,2 do hospital privado POVISA tamén en Vigo.

- Os recortes converteron este centro nunha gran superficie comercial incapaz de satisfacer as necesidades de atención especializada da cidadanía: A redución das dimensións do edificio e a dispersión de servizos asistenciais (Medicina Interna, Endocrinoloxía, Reumatoloxía, Alergoloxía, Xeriatria, Dermatoloxía ou Oftalmoloxía, Laboratorio e Central de Esterilización); os problemas de xestión pola existencia dunha dobre xerencia público e privada; as deficiencias funcionais asociadas á falta de laboratorio, esterilización e demais servizos no centro; os recortes de recursos diagnóstico, servizo de urxencias, camas, equipamento de quirófanos; etc.,

- Creáronse barreiras de acceso para os colectivos sociais máis afastados e con menor poder económico (cada vez máis numerosos): O afastamento do hospital da cidade de Vigo e da súa área metropolitana sen unha alternativa integral para o transporte colectivo, a privatización do parking privado (de elevado custo para os usuarios), unidas ás disfuncionalidades estruturais e organizativas do novo centro afectaron á calidade da atención, xerando colapsos nas urxencias, obrigando a suspender numerosas intervencións cirúrxicas, atrasando as citacións de pacientes, etc., etc..

A estes problemas relacionados coa Atención Hospitalaria habería que engadir outras deficiencias de recursos asistenciais na área:

- Deterioro da Atención Primaria pola mala planificación na asignación territorial dos Centros de Saúde situados nalgúns casos en locais inadecuados como edificios de vivendas e pola paralización o Plan de Mellora de Atención Primaria que contemplaba construír catro novos centros de saúde (O Calvario, Seara, Balaídos e Bouzas) os tres



primeiros unicamente pendentes da cesión de terreo municipal para poder comezar a súa construción e o de Bouzas so pendente da súa licitación. Esta situación xera unha importante saturación asistencial dado que máis do 50% dos centros de saúde teñen máis de 35.000 tarxetas sanitarias individuais, mentres que a escaseza no equipamento de recursos diagnósticos e terapéuticos reduce a súa capacidade resolutiva.

- Limitada capacidade resolutiva dos Servizos de Urgencias Extrahospitalarios (PAC) mal equipados. Os PACs de Coia e a Rúa Bolivia carecían de recursos suficientes, o que facía que moitos pacientes acudiran directamente ás urgencias do Novo Hospital.

- Non se garante o dereito á saúde sexual e reprodutiva das mulleres da área: O Centro de Orientación Familiar de Vigo oferta unha atención insuficiente e de baixa calidade como consecuencia dos recortes de persoal e equipamento.

- Colapso do servizo de Rehabilitación que está fraccionado diversos centros. É necesario de ampliar e mellorar a dotación de recursos humanos e materiais deste servizo (entre 15 e 20 novas prazas) incapaz de afrontar a gran demanda de atención (máis de 35.000 pacientes ao ano) o que xera unha lista de espera un 20 % superior á media, sendo a segunda máis elevada da Comunidade.

- A área de Vigo soporta as maiores listas de espera de Galicia pese ao cal a Xunta abandonou o proxecto de construír un Centro de Alta Resolución. Núñez Feijoo paralizou a construción dos dous Centros previstos para a área (un en Cangas-Moaña e outro en Vigo no edificio do Hospital Xeral). Estes centros permitirían reducir os tempos de resposta asistencial ao integrar a consultas, probas diagnósticas e cirurxía en base a consultas de acto único que pechan o proceso diagnóstico e o tratamento grazas á coordinación de consultas con especialista, realización de probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas.

A reordenación da área sanitaria debería basearse na integración de todos os recursos asistenciais para evitar a fragmentación e descoordinación entre centros, servizos e niveis asistenciais e na creación de novos recursos para completar unha oferta asistencial racional e axustada ás necesidades e ao volume de poboación.

O peche de centros, as limitacións do novo Hospital e a necesidade de completar a oferta asistencial precisan de novos espazos sanitarios na área. As políticas de axuste orzamentario impostas pola Unión Europea e o Goberno do PP son un obstáculo para realizar novos investimentos en recursos sanitarios.

Para superar este obstáculo financeiro a curto prazo deberíanse utilizar os espazos que quedaron baleiros no antigo Hospital Xeral tralo traslado de recursos ao Novo Hospital Álvaro Cunqueiro. Os denominados Anexos I e II están en bo estado de conservación e foron obxecto de reforma e ampliación hai pouco tempo, polo que non se precisaría un gran investimento para a súa posta en marcha.

Propostas:

1.- Hospital Álvaro Cunqueiro:

- Reintegrar o Hospital ao Sistema Sanitario Público en base ás irregularidades da Lei de Contratos do Estado e da lexislación europea sobre Colaboración Público Privada
- Recuperar o proxecto de Hospital de Estratéxico para a área Sur de Galicia, que devolva ao CHUVI os Servizos de Referencia trasladadas ao Complexo Hospitalario de Santiago das seguintes especialidades: Oncoloxía radioterapia, cirurxía torácica, neurocirurxía, cirurxía plástica, cirurxía pediátrica, cardioloxía intervencionista (unidades de hemodinámica) e cirurxía cardíaca e as que se manteñen no hospital privado POVISA como son cirurxía maxilofacial, neurocirurxía, cirurxía da man e unidade de queimados.
- Creación dunha Comisión integrada por todos os sectores implicados (Xunta de Persoal, responsables dos servizos asistenciais, persoal sanitario, técnicos



da Consellería de Sanidade, Comisión de Participación da Área e Concello de Vigo) para avaliar os problemas e deficiencias do edificio, accesos e servizos asistenciais e de apoio e elaborar un Plan de Recuperación do Centro a curto e medio prazo (laboratorio, camas, quirófanos, equipamento tecnolóxico, edificios e servizos) segundo os previsto no Plan Funcional.

2.- Hospital do Meixoeiro

- Manter o seu funcionamento como hospital xeral programado aínda que sen porta de urxencias, recuperando as camas e recursos recortados.
- Concentrar a actividade oncolóxica neste hospital aproveitando e axustando a dotación tecnolóxica específica xa dispoñible neste centro para atender estas patoloxías, convertendo ao CHUVI en referencia Oncolóxica para o sur de Galicia.
- Situar neste centro todos os recursos de Cirurxía Programada (Maior Ambulatoria e con Ingreso) da área, aproveitado os seus quirófanos e as camas cirúrxicas (axustándoas segundo necesidades) e mantendo a UCI polivalente.
- Consolidar a Unidade de Coidados Paliativos (co 100% das camas situadas en habitacións individuais).
- Esta especialización determina a necesidade de manter unidades de diagnóstico por imaxe e laboratorio.

3.- Destinar a uso sanitario os Anexos I e II do edificio do antigo Hospital Xeral para situar nos mesmos os seguintes servizos asistenciais:

- Centro de Alta Resolución de Vigo, coas 10-12 especialidades de máis frecuentación da zona e en procesos de acto único. Este recurso é esencial para unha área como Vigo que ten unha das maiores listas de espera cirúrxica, de primeiras consultas con especialistas e procedementos diagnósticos da Comunidade Autónoma. Coa chegada do Núñez Feijoo paralizouse a construción dos dous Centros previstos para a área (un en Cangas-Moaña e outro no edificio do Hospital Xeral). Este centro permitiría reducir os tempos de resposta asistencial ao integrar a consultas, probas diagnósticas e cirurxía. A Alta Resolución baséase en consultas de acto único que pechan o proceso diagnóstico e o tratamento grazas á coordinación de consultas con especialista, realización de probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas, si son precisas. Estes centros necesitan espazos para consultas, laboratorio e recursos de diagnóstico por imaxe (Radioloxía, Ecografía, TAC,..), e quirófanos para cirurxía ambulatoria. Os recursos de diagnóstico por imaxe contarían ademais cunha axenda propia para atención ordinaria ambulatoria.
- Servizo de Urxencias Extrahospitalario que fusione os PAC de Coia e Bolivia, con horario de 24 horas no que se atenderían a maioría de urxencias de Vigo e con acceso aos recursos de diagnóstico por imaxe (Radioloxía, Ecografía, TAC,..) e laboratorio do Centro de Alta resolución e con camas de observación. A actual xerencia deseñou un plan funcional que non é máis que un mero traslado dos PAC de Bolivia e Coia e que non contempla máis dotación que a de radioloxía.
- Utilización do Bloque Cirúrxico xa existente no Anexo II para a realizar intervencións de Cirurxía Menor e Cirurxía Minimamente Invasiva de baixa complexidade. A Lista de Espera destes procesos, que non computa nas estatísticas oficiais, está próxima aos dous mil pacientes en Vigo.
- Aproveitar o Bloque de Consultas Externas e os Gabinetes de Exploracións e Probas Funcionais dos anexos do Hospital Xeral para mellorar a accesibilidade da poboación de Vigo a estes servizos e reducir a lista de espera de consultas e probas diagnósticas.



- Crear un Centro de Atención Primaria nos anexos do H. Xeral que permita trasladar o da rúa Bolivia, redistribuír tarxetas sanitarias dos Servizos de Atención Primaria da Dobrada e rúa Cuba e adscribir as do barrio de San Roque na contorna do Hospital Xeral.
- Manter o Servizo de Rehabilitación xa existente
- Trasladar o Centro de Orientación Familiar aos anexos
- Crear unha Unidade de Saúde Mental que substitúa ás pechadas na Dobrada e Coia.

3.- No Policlínico Cíes situar unha residencia asistida.

4.- Adicar a Atención Primaria os Centros de Especialidades de Dobrada e Coia, tralo seu peche para mellorar o espazo dispoñible no primeiro caso e para desconxestionar López Mora (que está en malas condicións) e Coia no segundo

5.- Crear o Centro de Alta Resolución do Morrazo nos terreos cedidos polo Concello de Cangas.

6.- Denunciar o Concerto Singular de POVISA en base ás irregularidades no contrato, denunciadas xa no seu momento polo Consello de Contas de Galicia e o Valedor do Pobo.

Por todo isto exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicita a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a iniciar un proceso de diálogo coa Xunta de Persoal do SERGAS da Área sanitaria de Vigo e coa Plataforma SOS Sanidade Pública para poñer en marcha as medidas descritas na exposición de motivos.

2.- Apoiar a manifestación convocada pola Xunta de Persoal do SERGAS da Área sanitaria de Vigo e a Plataforma SOS Sanidade Pública, que se realizará o xoves 12 de maio de 2016, e facer un chamamento ao conxunto da cidadanía a que participe nela.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que está a favor.

O concelleiro CRESPO ABAL di que tamén están de acordo.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que este tema volve a traerse aquí unha vez máis ao pleno xa que xa prantexaron que a poboación da area de Vigo estaba discriminada no eido da sanidade. Indica que é unha mostra de gobernar do PP como fixo na moción anterior. Dí que reduciuse nun 25% o presuposto sanitario público e se fixeron recortes de persoal nun 30%. Sinala que merouse a calidade asistencial, reducindo as camas, incrementando as listas de espera e pouco a pouco baixan as prestacións, situando a sanidade pública na área na cola de España.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a voceira socialista di barbaridades e a moción parécelle un panfleto xa que se está a falar dun dos hospitais máis grandes de Europa con capacidade para 1.500 persoas. Dí que na moción non se fala das urxencias de Redondela ou do Centro de Saúde de Chapela que xunto cos hospitais é o que interesa á xente de aquí. Sinala que o Alvaro Cunqueiro está en fase de adaptación e ten moitas cuestións mellorables e agora é máis barato o parking que o que estaba xunto ao Xeral. Insiste en que o sistema sanitario público é un dos

Concello de Redondela



mellores de España pero parécelle que isto é unha mostra de que comenza a campaña electoral.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG fíxose eco dunha proposta realizada por unha plataforma e considera que o Concello de Redondela ten moito que dicir xa que é un dos máis poboados da área sanitaria de Vigo. Considera que o modelo de xestión do hospital fracasou alí donde foi implantado e que se está a funcionar mínimamente é pola profesionalidade do persoal que mirouse sen medios para atender aos doentes.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non sabe por qué o PP parece avergoñarse de que o hospital teña parte pública e privada xa que apostaron por iso dende o principio. Sinala que as deficiencias se están a denunciar a diario.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a concelleira do PP sí que dí barbaridades que afectan moi negativamente aos cidadáns de Redondela. Considera que o goberno disfraz a realidade e non quere ver a realidade e xustifícanse. Indica que a plataforma SOS pola sanidade pública non é partidista senón que se trata de profesionais e sabe de primeira mano os problemas que hai. Dí que fanse contratos de un día para afrontar servizos importantes, como oncoloxía.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que cree que a oposición comenzou a campaña electoral e insiste en que a moción é xenérica, xa que non se fala de Redondela. Non sabe por qué se di que aumentaron as listas de espera xa que o número de médicos é o mesmo. Salienta que o hospital cuadriplica ao anterior aínda que haxa cousas que mellorar. Refírese a servizos que xa no Xeral estaban privatizados, como a lavandería, telecomunicacións e outros.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hoxe foron a declarar ao xulgado dous altos cargos da consellería e iso ten que significar algo. Indica que a Xunta pagou o triplo do que estaba orzamentado polo hospital para ter ao final menos camas das previstas. Non entende as cifras da concelleira xa que se fixeron recortes e neste caso os recortes matan. Refírese á manifestación histórica do pasado setembro que mobilizou a 200.000 persoas. Considera que as propostas contidas na moción son moi sinxelas aínda que o PP non queira apoialas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por doce votos a favor (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e nove votos en contra (9 do PP).

3. Moción do PSdeG-Psoe relativo mellora centros educativos, cuberta do CEP Santa Mariña e CEIP Quintela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE que se transcribe a continuación:

“O día que comenzaba a pasada folga estudiantil contra os recortes en educación do 13 de abril, Feijóo anunciaba 120 millóns de euros para a mellora de centros educativos. Un incremento orzamentario electoralista, preto das próximas eleccións,



que non resolve todo estos anos de retallos en: mantemento de centros públicos, falta de profesorado, masificación nas aulas...

En 2011, pais e nais de alumnos e alumnas de Redondela iniciaron unha campaña de recollida de sinaturas polas deficiencias que presentaban sete colexios da localidade. A ANPA do CEP Santa Mariña foi unha das promotoras da recollida de sinaturas que conseguiu 2.000 respaldos. Os distintos grupos políticos da corporación municipal, entre eles o PsdeG-PSOE de Redondela solicitaron, tanto á Consellería de Educación da Xunta de Galicia coma ao goberno municipal do Partido Popular, a súa construción durante estes últimos cinco anos.

A ANPA Ernestina Otero lévase mobilizando durante anos para intentar atopar unha solución para os máis de 400 alumnos do CEP Santa Mariña que se ven desamparados ao non contar nas súas instalacións cun patio cuberto que lles permita realizar as súas actividades con normalidade nos días de choiva.

O alumnado do CEP Santa Mariña non está a poder desenrolar o seu dereito a educación con totalidade xa que nos días de choiva, os nenos e nenas non poden saír ó recreo nin realizar as súas actividades de Educación Física con normalidade ao non dispor de ningunha superficie cuberta. Fronte a esta necesidade prioritaria, atopámonos as palabras do xefe provincial, César Pérez, que calificou dita demanda de “non prioritaria” xa que a Xunta de Galicia segundo el, está a destinar os seus recursos a cuestións “estritamente necesarias” e a dotación do patio cuberto no colexio redondelán “non o é”. Sen embargo, a Xunta de Galicia está apoiando con 3 millóns de euros anuais a cinco centros educativos de ideoloxía católica e vinculados ao Opus Dei que discriminan en cuestión de xénero.

Tras un temporal en 2011, levantáronse 20 metros de cuberta do CEIP Quintela, ocasionando que moitos alumnos e alumnas non puidesen asistir durante días a clase polos danos que producían filtracións. A posterior reparación que se efectuou foi declarada como provisional ante a promesa do delegado territorial da Consellería de Educación, César Pérez, de que no ano 2012 levaría a cabo unha completa renovación. A día de hoxe, o CEIP Quintela segue con esa reparación provisional e a promesa que fixera César Pérez persoándose tras o día dos danos, caeu en saco roto. Tendo en conta que parte cuberta provisional do CEIP Quintela é de uralita que contén amianto, material non recomendable porque pode afectar a saúde e se está a retirar dos colexios.

Durante estos anos, a Xunta de Galicia pese a ter coñecemento das diferentes situacións, ignorou repetidamente estas peticións nos seus orzamentos e o goberno municipal do PP de Redondela non exerceu ningún tipo de xestión para reverter estos problemas que inciden na educación pública da nosa vila.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Redondela a crear un grupo de traballo que integre á Consellería de Educación para abordar de forma conxunta a construción do patio cuberto no CEP Santa Mariña e a instalación dunha nova cuberta no CEIP Quintela.
2. Instar á Consellería de Educación a que o CEP Santa Mariña e o CEIP Quintela estean dentro deses colexios beneficiarios dos 120 millóns de euros par mellora de centros públicos.
3. Instar ao goberno municipal do PP a informar de todo o proceso de xestión para acadar o patio cuberto no CEP Santa Mariña e á instalación dunha nova cuberta no CEIP Quintela ao que tantos alumnos e alumnas de Redondela teñen dereito.”

INTERVENCIONS:

Concello de Redondela



A concelleira QUINTANS COSTOYA di que está a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a problemática do patio cuberto de Santa Mariña e do comedor foi sempre demandada e este último acadouse polo empeño da ANPA. Dí que a Xunta non quere dotar ao colexio do patio cuberto e iso que é moi necesario e a comunidade educativa o está a demandar. A primeira medida que propón a moción parécelle moi suave porque isto xa foi prometido varias veces. En canto ao CEIP de Quintela sinala que puido ocorrer unha desgracia ao levantarse o teito e a pesares de que se fixeron informes e se estudiou o tema nunca se soubo máis do tema e todos os anos o BNG está a pedir nos orzamentos autonómicos que se cambie a cuberta do centro. Pensa que a única solución vai ser un cambio de goberno.

O concelleiro CRESPO ABAL di que lles parece mentira que con todo tempo que leva isto non estea xa solucionado.

A concelleira PARIS BLANCO di que vai a explicar o seu voto: están de acordo en que se fagan investimentos nos centros públicos de Redondela pero estima que o consello escolar debe asumir a proposta no lugar do grupo de traballo como se propón no apartado 1, xa que é o órgano apropiado para facer este tipo de xestións. Di que trataron a cuestión do patio cuberto bastantes veces e despois de varias reunións con toda a comunidade educativa pero non daban os recuados para compatibilizalo coa práctica de deportes. Dí que se queren que se retome a cuestión non hai problema. En canto ao CEIP de Quintela indica que se fixeron varios informes dos que da conta e dos que se deduce que non era necesaria a súa reposición aínda que fora convinte cambiala para mellorar o aforro de enerxía e por outras cuestións.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que non ten inconveniente en que se sustitua o grupo de traballo polo Consello escolar municipal. Indica que o presidente da Xunta salíu hai uns días facendo público que ían a investir moito diñeiro, 120 millóns de euros, en centros educativos e afirma que a concelleira non sabe realmente as necesidades do municipio neste eido. Dí que os rapaces fan ximnasia nun sitio moi pequeno e cando chove non poden sair ao patio e o mesmo pasa no colexio de Quintela. Pon como exemplo ao concello de Illa de Arosa que fixo un investimento para cubrir o patio dun colexio. Parécelle un contrasentido que logo se cubra unha pista de padel.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO pide que a concelleira lle confirme se a comunidade educativa de Santa Mariña é coñecedora da imposibilidade de facer o patio cuberto, cousa que puideron ter en conta cando o prometeron no programa electoral do PP do 2011 e no que a xente de boa fe confiou. En canto a Quintela non entende a postura do PP xa que o importante é cambiar o material para que as instalacións sexan as axeitadas. Non están de acordo con que outras administracións asuman o que non é competencia delas.

O concelleiro CRESPO ABAL di que cando o PP non gobernaba apoiaba á ANPA nisto. Estiman que debe sufragalo a Xunta aínda que o Concello tivera que por parte xa que consideran que existen fórmulas para facelo.

A concelleira PARIS BLANCO di que todos os centros educativos públicos teñen que ser mantidos e conservados por quen corresponde. Indica que PSOE e BNG gobernaron moitos anos e tampouco foron quen de cubrir o patio de Santa Mariña.

Concello de Redondela



Non teñen problema algún en retomar o tema.

O concelleiro REGUERA OCAMPO pregunta á concelleira do PP se sabe que o pasado 3 de abril se aprobaron 120 millóns de euros para mellorar os centros educativos e pensa que ésta debió porse de inmediato a recabar as axudas necesarias. Considera que o consello escolar debe convocarse de xeito urxente. Indica que na época do bipartito fíxose o colexio de Porto Cabeiro que é un dos mellores e sorpréndese de que o PP que leva 40 anos na Xunta non solucionou os problemas.

O Alcalde sinala que o martes teñen unha xuntanza en Pontevedra na que vaise tratar o protocolo correspondente relativo con esta cuestión, do que informará convintemente.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as

No acordo, o punto número 4 substitúe o punto 1 da moción.

“4. Instar ao Concello de Redondela a que convoque de maneira urxente e extraordinaria ao Consello Escolar Municipal de Redondela co fin de debater e realizar unha proposta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora de todos os centros educativos públicos do noso concello.”

4.Moción do PP sobre Plan de Acción Comunitaria de Deputación.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PP que se transcribe a continuación:

“A Deputación de Pontevedra caracterizouse sempre por ofrecer liñas de axudas a colectivos, que resultaron ser fundamentais para sustentar e impulsar as iniciativas das asociacións veciñais, culturais, deportivas ou sociais da provincia.

Unha desas liñas importantes era o Plan de Acción Comunitaria (PAC), destinado as asociacións veciñais da provincia. A través deste programa, en 2015 repartíronse 1 millón de euros entre preto de 300 colectivos de toda a provincia, que atoparon neste apoio a oportunidade de desenvolver iniciativas tan importantes e necesarias como a mellora de traídas de augas, de camiños ou mesmo o arranxo e equipamento das propias casas veciñais. Varios dos colectivos beneficiarios son da nosa vila percibindo no 2014 preto dos 35.000 euros e no 2015 preto dos 25.000 euros para as súas iniciativas polo que consideramos que os nosas Asociacións, Comunidades de Montes ou Comisións estanse vendo perxudicadas polas políticas da” nova deputación”.

Os gobernos do Partido Popular na Deputación de Pontevedra apostaron polo Plan de Acción Comunitaria como unha ferramenta para mellorar o medio rural e as barriadas urbanas, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles que lles permita aos seus habitantes unhas adecuadas condicións de vida; e para dinamizar ás propias agrupacións de veciños, co obxecto de aumentar a súa capacidade de xestión e de resolución de problemas, fomentar a súa participación nos distintos ámbitos de actuación e propiciar a súa sustentabilidade.

Pero este apoio desvaneceu co actual goberno bipartito da Deputación de Pontevedra, que eliminou de un plumazo unha liña de axudas que eran básicas e



necesarias para reforzar os pequenos investimentos en zonas do rural, e dese xeito, igualar as oportunidades entre o rural e o urbano. E o fixeron da peor forma posible, deixando ao marxe ás propias asociacións veciñais que a día de hoxe son alleas a esta decisión, porque nin se lles ofrecen as razóns que levaron a eliminálas, nin se lles deixa argumentar a necesidade de seguir contando con elas.

Por todo isto, solicitamos a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que a Deputación de Pontevedra recupere o Plan de Acción Comunitaria para este ano 2016 e convocatorias sucesivas, e que conceda as axudas de forma directa ás asociacións.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que está de acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a través destes plans se xestionaban axudas pero o procedemento facía desistir aos solicitantes xa que tiñan que presentar unha morea de documentación para percibir moi poucos cartos e tardaban máis de un ano en percibilas. Indica que en Redondela, cando gobernaba o BNG, as axudas as comunidades de augas as asumía o Concello por entender que suplían un servizo que tiña que ser municipal. Considera que na Deputación se están a facer cousas e haberá que ver cómo se poden canalizar as axudas.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que lles faltan datos para tomar unha decisión con respecto ao voto. Gustaríalle que outra vez llela facilitaran anteriormente. Refírese á xestión da Deputación anterior á que se lle pide a devolución de fondos europeos. Considera que ante isto o normal sería que retiraran a moción.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que prantexa dúas emendas que son as seguintes:

“1. Abrir unha convocatoria pública, coa máxima transparencia, concorrencia e publicidade, para que as asociacións veciñais podan optar as axudas para obras e actuacións de interese público e da máxima urxencia.

2. Fixar a contía destas axudas dependendo das achegas que a Deputación aporte ao orzamento municipal e sumando aqueles recursos propios dos que se podan dispoñer.”

Non están de acordo en que a distribución das axudas sexa a dedo xa que na Deputación se está a facer unha nova política. A contía do plan incorporouse ao plan Concellos, cousa que o Alcalde sabe perfectamente.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a Deputación ven coa tixeira de recortar e a proba disto é que lle denegan o que antes lle daban en axuda material e persoal para limpeza de praias e agora xa non llela dan. Parécelle que hai moito postureo xa que promoven a compostaxe e mándanlles un camión que é todo menos ecolóxico. Denuncia que se teñen feito moitos recortes. Considera indefendible a postura da nova Deputación.

O Alcalde sinala que cando falan sobre dar as axudas directamente ás asociacións queren engadir a puntualización de “con concorrencia”. Dí que Redondela sae perxudicada e percibirá menos polos mesmos conceptos. Non aceptan o punto 1 da emenda e o punto 2 xa está.



A concelleira QUINTANS COSTOYA di que tralas aclaracións do PP non lle quedou claro o tema e vaise a abster.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é a primeira vez que a Deputación da axudas ás comunidades de augas. Critica a actuación da anterior Deputación e parécelle unha deslealtade que o PP se adique agora a criticar á Deputación.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que se pregunta o que pode haber na anterior xestión da Deputación e dalle medo. Anuncia que votarán en contra.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a limpeza de praias e maquinarias non ten moito que ver co tema da moción. Dí que o concello recibiu máis de un millón de euros e este ano cáseque que 1000 euros máis por riba. Pensa que o PP utilizaba electoralmente a Deputación.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a postura de AER é votar en contra dos intereses dos redondeláns xa que votaron en contra do punto para adicar fondos a saneamento e arranxo de camiños. Considera que a Deputación está beneficiando ao Concello de Vigo en perxuízo doutros concellos máis pequenos, xa que o de Balaídos non o considera de recibo.

VOTACIÓN E ACORDO

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é rexeitada por once votos en contra (6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG), nove votos a favor (9 do PP) e unha abstención (concelleira non adscrita).

Na explicación do voto, o concelleiro VARELA COUÑAGO di que votan que non porque que teñen un convenio coa banca e non están a favor do que beneficia aos veciños de Redondela.

9.4. Rogos e preguntas

Pregunta do PSdeG-PSOE sobre o derrumbe estrada nacional N-555 que se transcribe a continuación:

“No mes de febreiro, un corremento de terras debido ás intensas choivas produciu que a ladeira do monte viñese abaixo sobre a estrada nacional N-555 á altura da San Esteban de Negros. Xa pasaron máis de dous meses e a zona segue de maneira provisional coa mesma sinalización e balizas que momentos posteriores ao derrube. Esta zona está a ser bastante perigosa para as persoas que transitan a pé xa que toda a sinalización provisional ocupa a beiravía da estrada.

Preguntas: 1. ¿Cando se arranxará a N-555 á altura de San Esteban de Negros para seguridade dos usuarios e usuarias que adoitan transitar por ese vial?”

Resposta: O Alcalde sinala que están de acordo en que hai que arranxalo canto antes. Fíxose unha declaración de emerxencia para o arranxo da cuestión. Contan que en maio esté rematada a tramitación pero depende de Fomento.

Pregunta de AER sobre os beneficios para os usuarios do transporte público da Área metropolitana de Vigo que se trans a continuación:



“Sobre os beneficios para os usuarios do transporte público da Área Metropolitana de Vigo cando as modificacións da lei da AMV estean vixentes. Escoitadas as declaracións da voceira do PP no pasado pleno extraordinario, adicado a manifestar o consenso innecesario para aprobar as modificacións da Lei da Área Metropolitana de Vigo; e vistas as afirmacións de dita voceira sobre o Transporte Metropolitano, preguntamos:

Unha vez aprobadas as modificacións da lei da AMV e posta esta en funcionamento, ¿que suporá para os usuarios de Vitrassa da parroquia de Chapela e/ou de Redondela en xeral: pagarán menos como os/as cidadáns de Vigo ou seguirán pagando o mesmo?”

Resposta: O Alcalde sinala que o trámite de modificación da lei leva os seus pasos para que unha vez que remate se incorpore o Concello de Vigo. Hai unha xuntanza pronto e espera que Vigo anuncie que se incorpora ao transporte metropolitana.

Pregunta de AER sobre a formación da policía local en formación de ruidos.

“Sobre formación da Policía Local en medición de ruidos. Unha vez máis, as obras da ampliación da AP-9 están a producir molestias e indefensión na poboación que reside nas beiras das mesmas. A principios deste mes os traballos nocturnos comezaron a causar ruidos nas horas da madrugada, cando a maior parte da veciñanza descansa. No pasado mes de outubro, AER presentaba un rogo no pleno para que o goberno local enviara a axentes da Policía Local á Academia Galega de Policía para formarse en materia de medición da contaminación acústica e poder facer expedientes oficiais; nese pleno o Alcalde comprometeuse a facelo. Como pasan os meses e aínda non temos constancia deste paso a seguir, preguntamos:

Realizou o goberno local as xestións oportunas para formar aos axentes da Policía Local en materia de medición de ruidos? Que medidas ten pensado tomar o goberno local para defender o descanso da veciñanza afectada polas obras da AP-9?”

Respostas. O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que a formación está prevista para o segundo semestre deste ano. En canto aos ruidos se tomaron medidas e cando se detecta algo se corrixe.

Rogo do PsdeG-PSOE relativa o muro da praia de Cesantes:

“O muro da baixada que dá acceso á zona A Mariña da Praia de Cesantes, atópase en mal estado con parte do muro fraccionado por unha brecha. ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para: Que se inicien trámites para arranxar o muro da Mariña, garantizando a seguridade dos usuarios e usuarias a esa zona da praia.”

O Alcalde sinala que está incluído dentro da reparación de danos.

Rogo do PsdeG-Psoe sobre a pasarela Chapela na AP-9:

“No proxecto inicial de ampliación da AP-9 non consideraba modificacións da pasarela que comunica a subida ao Mouriño coa parte traseira de Faro de Vigo e o pavillón de deportes. Nas últimas semanas, pódese observar diversos operarios traballando sobre a estrutura polo que ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para: Que se inicien trámites para estudar e dotar á pasarela cunha rampla para persoas con mobilidade reducida.”



O Alcalde sinala que está en fase de estudio.

Rogo de AER sobre o pago de facturas con discalidade desfavorable:

“Sobre o pago de facturas con fiscalidade desfavorable. Vendo a cantidade de facturas aprobadas por “Resolución de Alcaldía” a pesares de contar con fiscalización “desfavorable” por parte do servizo técnico de intervención. Tendo en conta que ditos informes chegan ó noso coñecemento co informe trimestral de execución do orzamento, agás solicitude expresa. Considerando o compromiso xeral coa transparencia das actividades económicas do Concello e esperando non ter que recorrer a outros trámites plenarios; ROGAMOS que sexan publicados simultaneamente coas resolucións os informes desfavorables de intervención, sexan de facturas, contratacións, etc. Esperando o seu compromiso neste mesmo pleno, agradecemos a súa consideración.”

Pregunta adicional de AER, “As ANPA's levan dende finais de ano sen cobrar as axudas para as actividades extraescolares correspondentes ao curso 2014/2015. ¿Cando ten pensado o Concello ingresar estas axudas?”

O Alcalde dí que a respostará na próxima sesión.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-